

# CATRO AVES DO BESTIARIO NA ESPAÑA MEDIEVAL

Alan Deyermond\*  
Queen Mary, University of London

## 1. INTRODUCCIÓN

O bestiario medieval, que inspirou a escritores e artistas en séculos posteriores (Borges e Cortázar son nomes que veñen inmediatamente á memoria), consta principalmente de relatos das supostas características de animais, ben reais (león, raposo, aguia, balea) ben imaxinarios (alicorno, serea, fénix), e dunha moralización cristiá de cada característica<sup>1</sup>. Por isto, é xeralmente descrito como zooloxía moralizada ou pseudo-zooloxía. Sen embargo, nun recente estudio, Ron Baxter sostén, dun xeito convincente en termos xerais, que o bestiario, igual có seu devanceiro directo o *Physiologus*, era “un tratado sobre a virtude e o vicio”:

A reacción dun zoólogo diante do texto do *Physiologus* será considerar

que a información que contén sobre o comportamento animal é á vez exígua e imprecisa. Non podería estar baseada na observación, xa que os animais en cuestión non se comportan así nin sequera cando existen. De feito, as características atribuídas ós animais non tiñan máis obxectivo có de xustifica-las moralizáculos [...]

As análises tanto dos volumes misceláneos coma das bibliotecas medievais concordan en situa-los Bestiarios nun contexto de uso ó lado de obras sobre a virtude e o vicio, penitenciais, así como de sermones e material sermonístico a modo de *distinctiones*, *summae* e instruccións para os predicadores. A súa asociación estatística coas vidas exemplares, milagres e narracións bíblicas e lapidarios é exactamente o que poderíamos esperar se se empregasen como fonte dos *exempla* dos sermones. (Baxter 1998: 72 e 192)<sup>2</sup>

\* Catedrático de Literatura Española.

1 Para as orixes, desenvolvemento e recepción do *Physiologus* e das tradicións do bestiario, véxase James 1928, White 1954: 230-270, Hassig 1995 e Baxter 1998. O *Physiologus* foi traducido ó castelán por Nilda Guglielmi e Mario Ayerra Redín (1971) e pasaxes de varios bestiarios latinos e vernáculos foron traducidas por Ignacio Malexecheverría (1986). Polo que eu coñezo, non existe unha tradución completa de ningún bestiario medieval ó galego actual ou ó castelán.

2 Willene B. Clark (1996) dubida de que os sermones latinos dos séculos XII e XIII utilizasen os bestiarios con frecuencia. Non di se as súas dúbidas se estenden ós sermones vernáculos, dirixidos a un

A opinión de Baxter precisa dalgunha modificación, xa que non tódalas características dalgúns animais foron moralizadas: por exemplo, no ms. II.4.6 da Cambridge University Library, un bestiario latino copiado en Inglaterra no século XII, as tres características principais do león moralizáronse, pero estas van seguidas de dez presentadas sen comentario (White 1954: 9-11)<sup>3</sup>. Ademais, áinda que Baxter manifesta de xeito concluínte que a disposición dos animais no *Physiologus* non segue unha taxonomía zoolóxica, moitos dos bestiarios latinos ampliados dos séculos XII e XIII ordenan as criaturas en amplos grupos zoológicos: primeiro os mamíferos, logo as aves, despois os réptiles e finalmente os peixes<sup>4</sup>. Daquela é máis prudente ve-la historia do bestiario medieval e a súa recepción como unha

tensión entre os impulsos moralizantes e os zoológicos, dos que os primeiros predominan no *Physiologus* e os segundos gañan terreo entre os bestiarios latinos dos séculos XII e XIII, áinda que estes non chegaron nunca a ser principalmente zoológicos (Clark 1995 reseña os indicios de observación realista nos bestiarios e chega a unha conclusión prudente: a moralización segue sendo dominante, e o peso da tradición é poderoso.

O libro primeiro de *De bestiis et aliis rebus*, do século XII, erroneamente atribuído a Hugo de San Víctor, está dedicado ás aves<sup>5</sup>. Este libro, titulado *Aviarium*, ten sido ás veces copiado independentemente; a partir del engádenseselle varios capítulos sobre aves ós bestiarios latinos dos séculos XII e XIII. O

público popular —sermóns nos cales se esperaría o emprego máis frecuente de historias de animais. Manuel Ambrosio Sánchez Sánchez iniciou o estudio desta cuestión importante dentro dun contexto español (1994), e necesitanse máis estudos deste tipo.

As citas de obras publicadas en inglés tradúcense ó galego. Nas citas de textos medievais regularízase o uso de i/j, u/v e c/c e colócanse os tiles onde é necesario.

3 Sen embargo, no *Bestiaire* anglo-normando de Philippe de Thaün, composto pouco despois de 1121, a algúnhha das características sen moralizar no manuscrito de Cambridge dáselles unha explicación cristiá (vv. 25-392; Walberg 1900: 2-15; traducido Malaxecheverría 1986: 23-28).

4 Os bestiarios franceses deste período, en verso e prosa, xeralmente non seguén esta orde, senón que se ocupan dunha escolma de animais nun xeito que parece ser arbitrario e fluctuante. Nos bestiarios latinos estructurados con criterios zoológicos, varias clases de invertebrados non están agrupados á parte, senón que están dispostos entre os principais grupos de vertebrados seguindo as súas características dominantes: a abella, como voa, está clasificada coas aves, en tanto que a formiga, debido a que camiña polo chan, está cos mamíferos, e os mariscos e crustáceos están cos peixes porque o seu hábitat é a auga. De xeito similar, un mamífero, o morcego, está incluído entre as aves porque voa, e outros dous, a balea e o golfinho, entre os peixes, porque nadan.

5 Ocupa as columnas 15-56 da edición de J.-P. Migne das obras de Hugo (*Patrologia Latina*, 177). No que segue, refírome á edición crítica (con traducción inglesa) realizada por Willene B. Clark (1992); as referencias a Clark van seguidas, cando é apropiado, dunha referencia a Migne. O estudio (de 112 páginas) que lle dedica Clark ó *Aviarium* é o recurso máis importante para a investigación do tema. Véxanse tamén Carmody 1938, McCulloch 1970: 31-33, Häring 1973 e Clark 1982 e 1989.

*Aviarium* parece ter causado unha meirande impresión en Portugal ca no resto da Península: temos tanto un texto latino coma un portugués<sup>6</sup>. Sen embargo, nin o manuscrito latino nin a traducción amplificada, da que só se conserva un fragmento, parece que tiveran influencia ningunha no tratamento das aves na literatura portuguesa ou noutras peninsulares. Débese salientar que o desenvolvemento de aviarios independentes non supuxo un incremento do número de aves descritas, máis ben ó contrario.

Investigadores recentes do bestiario medieval fan énfase no feito de que esta tradición era norte-europea —e, no caso dos bestiarios latinos, inglesa—: “Os bestiarios latinos eran ante todo libros ingleses” (Baxter 1999: 169; cf. Hassig 1995: 183-187). No sur de Europa, só Italia ten unha tradición considerable. Non hai constancia dun bestiario galego, nin en latín nin en lingua vernácula. En Portugal, como xa vimos, existe un aviario en lingua vernácula fragmentario e un latino, pero non un bestiario completo. Castela ten só unha traducción, feita por Alonso Paredes e Pascual Gómez para Sancho IV (ed. Baldwin 1982 e 1989), da sección sobre animais do *Livres dou tresor* de Brunetto

Latini, baseada nas *Etymologiae* de Santo Isidoro de Sevilla (a fonte de Isidoro é o *Physiologus*). No século XIV o *Livres dou tresor* foi traducido ó aragonés para Juan Fernández de Heredia (ed. Prince 1995) e a principios do século XV Guillem de Copons levou a cabo unha versión catalana (ed. Wittlin 1971-1976). Os textos aragonés e catalán parecen traducir unha versión un tanto diferente do *Tresor* respecto á que foi traducida ó castelán. Unicamente en catalán existe unha presencia substancial do bestiario medieval: hai cinco manuscritos, completos ou fragmentarios, que representan dúas versións do *Bestiario toscano*, e outro manuscrito incompleto que vén dunha fonte ainda sen identificar<sup>7</sup>.

Por conseguinte, pode resultar sorprendente que os animais do bestiario aparezan con tanta frecuencia na literatura hispano-medieval. Sen embargo, non hai motivo para estrañarse: algúns dos mamíferos, aves, réptiles e peixes do bestiario danse a coñecer a través do seu uso na escultura (véxase Malaxecheverría 1982 e Boto Varela 2001) e noutras artes visuais así como por medio da súa función exemplarizante nos sermóns<sup>8</sup>. As sentencias que se atopan no texto do bestiario a

6 A versión portuguesa, unha traducción amplificada, foi editada por Pedro de Azevedo (1925); aínda non tiven a oportunidade de ve-la posterior edición de N. Rossi *et al.* (1965). Existe tamén unha paráfrase francesa en verso (Clark 1989: 38-39, n. 15).

7 Panunzio 1963-1964: I, 18-38; véxase tamén Martin Pascual 1996: 31-37.

8 Véxase Sánchez Sánchez 1994. Un estudio más extenso deste especialista vai ser publicado nos Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar. Se as conclusións de Clark (véxase a nota 2, *supra*) se confirmasen, a pesar dos datos aducidos por Baxter (1998: cap. 5), e se resultase que se poden aplicar tamén ós sermóns vernáculos, sería moito máis difícil explica-la presencia do bestiario na literatura medieval hispánica.

miúdo non son advertidas cando se utiliza o animal nas artes visuais e, en moitos casos, é posible que o animal teña unha función únicamente decorativa, sen intención ningunha de moralización (Baxter 1999: 1-25 fai moito fincapé nesta cuestión e probablemente esaxera o seu argumento). Así e todo, nos sermones non hai dúbida da función moralizante e ademais a influencia dos sermones na literatura da Europa tardo-medieval é ben coñecida (véxase, por exemplo, Owst 1961). A través dos sermones e, en menor medida, das artes visuais os animais do bestiario penetran no maxín dos homes e mulleres instruídos e, ata certo punto, tamén dos incultos.

Neste artigo examino a presencia de catro aves do bestiario na literatura hispano-medieval: a aguia, o voitre, o fénix e o pelícano. Están presentados na mesma orde na que se atopan en dous extensos e representativos bestiarios latinos elaborados en Inglaterra na primeira metade do século XIII (o período que comeza co *Libro de Alexandre* e o *Cantar de Mio Cid* e remata coas derradeiras obras de Gonzalo de Berceo e a subida ó trono de Afonso o Sabio): Cambridge University Library ms. ii.4.26 e Oxford, Bodleian Library, ms. Bodley 764<sup>9</sup>.

<sup>9</sup> O primeiro foi realizado *circa* 1200-1210, tal vez nas North Midlands, e o outro *circa* 1240-1250, quizais en Salisbury (véxanse Hassig 1995: 184 e Baxter 1998: 147-148). Desafortunadamente non existe ningunha tradución destes bestiarios a ningunha lingua da Península Ibérica (aínda que Ignacio Malechverría (1986) traduce pasaxes do texto de Cambridge). Ambolos dous foron, sen embargo, traducidos ó inglés: White 1954 e Barber 1992, respectivamente. A orde das aves nestes bestiarios difire de xeito considerable da de Brunetto Latini e tamén da do *Aviarium* (véxase a sección 2, abaxo).

É arriscado asumir que, cada vez que aparece un mesmo animal no bestiario e nunha obra literaria española medieval, o autor español toma este animal directa ou indirectamente do bestiario: no coñecido episodio do león do Cid, por exemplo, o relato do poeta sobre o comportamento do león non parece que lle deba nada ó bestiario. Sen embargo, é razoable supor que cando atopamos na literatura española medieval un animal lendario que resulta sobranceiro no bestiario, como o alícorno, o grifón ou o fénix, o autor español teña en mente o relato do bestiario, tanto se se basea nel directamente como se o fai de xeito indirecto, o cal sería moito más probable. A continuación cinguireime, polo tanto, ós casos nos que se detecte unha clara influencia do bestiario.

Así e todo, non pretendo ser exhaustivo; o que segue é unha selección, por dúas razóns. Primeiro, porque nun só artigo resultaría difícil citar e analizar tódalas pasaxes hispano-medievais nas que se atopa algúnhia destas aves do bestiario. En segundo lugar, para garanti-la exhaustividade necesitaría reler, ou ata ler por vez primeira, tódolos poemas e obras en prosa compostos na Idade Media en tódalas linguas hispanas —obxectivo claramente pouco realista. Trátase tamén

dunha selección no sentido de que existen outras aves no bestiario, mais a súa presencia na literatura hispano-medieval terá que ser estudiada nunha futura oportunidade: o cisne, o rousinol, o falcón, e outros varios. Passo agora á primeira das catro aves que quero analizar con detalle: a aguia.

## 2. A AGUIA

O bestiario describe dúas características principais da aguia, ámbalas dúas relacionadas coa calor e a luz do sol, coa altura ata a que pode voa-la aguia e coa agudeza da súa vista:

La àguila sí és un gentil ocell qui és dit senyor de tots los altres alcels; e ha en si dues aytais natures. La una sí és que ella prova sos fills si poden gordar fermament en la raja del sol; si que ella veu fermament que ells hi garden bé, axí com ella, e puiys ella se confia en ells que són sos fills. L'altra natura sí és que com ella és envelldida, que rejoyneix en aytal manera: que ella vola en l'àyer tant alt com pot, si que la calor que és l'essús li creme les ales; e com torna avall, dressa sa via en guisa que puscha caer sobre qualche font d'ayga, e lexa's caer dins, e banya-s's i tota per tres vegades; e en aquesta manera ella se renovella tota. (*Bestiari*, cap. 35; Panunzio 1963-1964: I, 120-121)

Parte deste material atópase no aviario portugués:

Da aguya disseron os Sabedores que ha a vista muy clara e andando voando muito alta sobrelo mar ou sobre outra agua qualquer, dece a tomar os peyxes que vee andar so a agua. E pero mostran ainda os sabedores que a vista muyto aguda, disseron que



Aguia (White, 1954).

fica os olhos nos Rayos do sol e non nos torna ende tan forte e tan agudo he o lume de ssa vista. E disseron ainda que a Aguya para os olhos dos seus filhos contra os rayos do sol, e se sse envergonhan deles e non nos poden soffrer, avorrece os e deyta os de ssy [...] (Azevedo 1925: 145-146)

O fragmento do manuscrito remata antes de que chegemos á historia do rexivenecemento da aguia cando voa preto do sol e logo se mergulla na auga. O relato no *Libro del tesoro* é semellante ó do bestiario catalán e ó do aviario portugués:

Águila es el ave del mundo que mejor vuelta & va tan alto que pierden los onbres la vista della, et vee tan claro que andando tan alto vee las bestias pequeñuelas en tierra e

conóscelas, & los pescados en las aguas; & tómala en descendiendo. & de su natura cata muy fuerte contra el sol, e los ojos abiertos, non los cerrando. Et por ende quando sus fijos van para bolar fázelos bolar contra el rayo del sol; et aquel que cata derechamente syn mudar los ojos es criado commo bueno & commo digno, & el que muda los ojos & á miedo del sol échalo del nido commo aquel que non es fijo derechero. [...] El águila bive luengamente porque despoja su vegez & renueva. & dizen muchos que buela tan alto contra la calentura del sol que quema sus péñolas & la escureça de sus ojos; & entonce déxasse caer en algund pozo o fuente & báñase tres vezes & fázese asy commo de primero. (*Tesoro*, lib. I, cap. 145; Baldwin 1989: 74)

Hai, desde logo, diferencias, porque a información básica do bestiario, a cal deriva inicialmente do *Physiologus*, desenvolveuse a través de dúas tradicións distintas. A diferencia máis sobranceira é que, nos textos do bestiario, ás características da aguia se lles dá unha interpretación simbólica cristiá:

E axí com la àguila, qui-s renovella mullant-se tres vegades en l'ayga, atressí esdevé de tots aquells qui-s batéjan en lo sant baptisme; car ells hi són mullats per tres vegades, e són renovellats en Jesucrist [...] (t, 120-121)

Por outra banda, Brunetto Latini segue a súa fonte principal, Santo Isidoro,

cando omite as moralizáóns cristiás que son un trazo saliente do *Physiologus*; e, desde logo, os seus traductores casteláns seguen o seu exemplo. Sen embargo, hai máis información pseudo-zoolóxica no *Libro del tesoro*. Os bestiarios dos séculos XII e XIII seguen ó *Physiologus*, non a Isidoro, na súa preferencia pola interpretación cristiá. Os detalles da interpretación varían a miúdo dun texto a outro e os autores medievais doutros xéneros poden desenvolver as súas propias interpretacións cristiás, como veremos.

É doado entender por qué a aguia —soberana entre as aves do cadro do mundo medieval, igual có león é soberano entre os mamíferos— está tan intimamente asociada ó sol que, mesmo antes da revolución copernicana na astronomía, se lle atribuía un papel dominante con relación ós planetas. Sen embargo, esta asociación é tamén unha cuestión de observación: a aguia pode voar tan alto que case se perde para a vista e, nunha época na que se pensaba que a distancia entre o sol e a terra era moito menor do que agora cremos, non era de todo absurdo pensar nunha ave que voa preto do sol<sup>10</sup>.

Esa é a característica da aguia do bestiario que é empregada, a principios do século XV, por Gilabert de Próixita:

10 Digo “do que agora cremos”, non porque teña ningunha razón para dubidar das conclusións dos astrónomos, senón porque os que non somos astrónomos cremos nestas cousas polo seu predicamento, do mesmo xeito cá xente medieval. O cadro do mundo do século XXI, igual có medieval, está en gran parte fundamentado no crédito, polo que sería insensato menospreza-la credulidade dos homes e muleres medievais.

Mas com l'auselh qui, volan molt lauger,  
va contre-l sol tan que-l avé cremar,  
suy eu stats, qu-endret d'amor pugar  
hay tan volgut qu-eres me fa doler [...] (poema 9, vv. 33-36; Riquer 1954: 58)

Robert Archer, na súa sección sobre os animais e imaxes do bestiario de Ausiàs March, cita esta pasaxe sen identifica-la ave (1985: 49), pero Llúcia Martín Pascual fai unha identificación provisional, que eu considero correcta:

tampoc es pot dir taxativatamente que l'ocell esmentat siga l'àguila, ja que

es tracta només d'una al·lusió implícita. [...] El tema de la poesia és la desesperació del poeta per voler accedir a un grau massa elevat en l'amor. Per aquest motiu, pot identificar-se amb l'ocell que es crema si vola massa alt. (1996: 80)

A falta dunha identificación explícita no poema non é en si mesma unha dificultade: como veremos (pp. 36-38), Pero López de Ayala emprega a característica más saliente do pelícano do bestiario sen nin sequera decir que se



Aguia atacando unha serpe. Columna con lenda épica (*¿Tristán?*) procedente da portada norte da catedral de Santiago de Compostela, século XII.

trata dunha ave. Hai, sen embargo, unha razón para sospeitar que Próixita puido retomar aquí unha calidade medio lembrada do relato do bestiario sobre a aguia. No bestiario catalán (así como na traducción catalana de Brunetto Latini) hai, como sinala Martín Pascual (1996: 80), unha alusión á queima (“sí que la calor qui és lessús li creme les ales” e “vola tan alt [...] que ses penas créman”, respectivamente), áinda que existe unha importante diferencia: na tradición do bestiario, como estamos a ver, as ás da aguia están chamuscas, e isto forma parte do proceso de rexuvencemento, mentres que no poema de Próixita parece que a ave se consome nas chamas (o resumo de Martí de Riquer do poema di “l'ocell que vola amb rapidesa vers el sol i acaba cremant-se”, 1954: 59). Esta é unha imaxe axeitada para o desexo que, segundo o poeta, está a queimalo debido á crueldade da dama. Martín Pascual di que a falla dalgunha mención ó rexuvencemento “ens duu a pensar que som davant d'una composició pessimista, on el poeta no troba cap altra soluciό que la mort” (81). Esta podería desde logo ser unha omisión consciente de Próixita (compárese co seu tratamento do fénix, pp. 29-30), pero tamén é posible que na mente do poeta se mesturase unha vaga reminiscencia do voo da aguia do bestiario.

cencia do voo da aguia do bestiario comito de Ícaro, quen voou tan alto que a calor do sol derreteu a cera que fixaba as súas ás artificiais, facendo que atropase a morte na caída.

É importante lembrar que non tódalas mencions da aguia na literatura hispano-medieval teñen a súa orixe no bestiario. Por exemplo, cando Gonzalo de Berceo escribe:

Juhán en Trinidat empieza la lectión,  
por end priso de águila sotil comparación.  
(*Los loores de Nuestra Señora*, st. 165cd; Dutton 1975: 100)

estase a referir ó símbolo tradicional de Xoán o Evanxelista (véxase, por exemplo, Yapp 1981: 27). Nunha Biblia vernácula do século XIII dise que este símbolo foi escollido porque “assí cuemo si tomasse alas de águila para volar altamente, fabló del Vierbo de Dios” (citado por Dutton 1975: 116); é moi máis probable que o alto voo da aguia reflecta máis unha observación común que calquera influencia do bestiario<sup>11</sup>. De xeito semellante, cando na coroación de Fernando de Antequera en 1414 (descrita por Álvar García de Santa María) unha das exposicións alegóricas trátase dunha “gran roca bajo la forma de castillo defendido por seis damas es atacada por moros mientras un águila y un grifo contienden”

11 É certo que o simbolismo de San Xoán está incluído no bestiario:

Johan Evangelista, qui-s pinta en semblansa de àguila per tal com ell fo aquell qui parlà e viu d'aquestes alteses que dites són; car ell fo aquell qui dix aquell evangeli molt alt ab lo qual diu: “In principio erat verbum.” (Panunzio 1963-1964: 1, 122)

Sen embargo, é moi probable que o bestiario e os versos de Berceo teñan unha fonte común: a tradición eclesiástica, tanto verbal coma visual, dos símbolos dos evanxelistas.

(Mateos Royo 2001: 21; véxase Shergold 1967: 120), o feito de que a aguia estea a combater cunha besta mixta do bestiario non significa que esta sexa a aguia do bestiario, igual que a conxunción heráldica do león e o alicorno non implica que exista relación co león do bestiario. E áinda que a imaxinería do bestiario se emprega con grande impacto na *Celestina* (véxase Shipley 1984), as mencións da aguia no prólogo e no Acto 1 (véxase Blay Manzanera & Severin 1999: 9 e 12) non teñen ningunha relación co bestiario.

Por outra banda, nos sermóns tardo-medievais casteláns a presencia do bestiario é inconfundible. No *Segundo libro de los evangelios moralizados de los domingos de todo el año* de Juan López de Salamanca, por exemplo, empréganse unha serie de animais para demostrar que a resurrección é natural e verosímil: a aguia, o león, o pelicano (véxase p. 38) e a doncela<sup>12</sup>. López de Salamanca di:

Podemos aquí poner algún punto de enxenplos naturales cómo la resurrección es cosa creíble, los quales se siguen: diz Sant Augustín que si acatáremos el curso de las cosas, más cierta le será la resurrección que nacer mañana el sol: ¿El águila no se renueva, dexada su vagedat? (1994: 917)

Aínda que a interpretación do bestiario máis habitual sobre o rexu-

necemento da aguia é a renovación do home no bautismo (a aguia, despois de queima-las súas imperfeccións na abrásadora calor do sol, mergúllase tres veces nunha fonte como vemos na pasaxe do bestiario catalán citado enriba) o paralelismo coa resurrección está tamén claro.

Hernando de Talavera, na súa *Collación muy provechosa de cómo se deben renovar en las ánimas todos los fieles cristianos en el sancto tiempo del Adviento*, fai un emprego exhaustivo da aguia (Sánchez Sánchez 1994: 916). Na Parte II da *Collación*, Talavera di: “señaladamente la Sancta Escritura nos convida a renovar, segund que águila es renovada” (Amador de los Ríos 1865: 546). A Parte III, que abarca a meirande parte da obra, titúlase “De las propiedades y condiciones que el águila tiene” (547; este amplio tratado moralizado sobre a aguia, que está dividido en nove capítulos, recorda o relato de once capítulos sobre a pomba que aparece ó principio de *De bestiis et aliis rebus*, I). No capítulo 2, Talavera fala da aguda vista da aguia e cita a Santo Isidoro como a súa fonte (o breve relato da aguia nas *Etymologiae* comeza “Aquila ab acumine oculorum vocata”, Oroz Reta et al. 1981-1982: II, 106). A capacidade da aguia para o rexuvenecemento aplícaselle á vida do cristián no capítulo 9:

<sup>12</sup> Véxase Sánchez Sánchez 1994: 917, n. 8. Sánchez díos que Arturo Jiménez está a edita-los *Evangelios moralizados* como parte da súa tese de doutoramento en Salamanca. Esperamos con entusiasmo a publicación dessa edición e o monográfico de Sánchez sobre o uso dos sermóns no bestiario (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar).

Es su novena propiedad [...] que en cierta manera desde que envegece y enflaquece, se renueva y se torna rescia e manceva [...]. Busca alguna fuente grande y clara de agua biva y que mucho mana, y súbese en el ayre quanto puede, y allí bata muy fuerte las alas fasta que se escaliente toda; y assy es calentada, déxase caher en aquella agua [...] batir mucho las alas, que son nuestros braços y manos, con muchas obras de karidad, que escalienten e inflamen nuestro corazón, y asy escalentados dar con nós en alguna fuente de sancta lectión o meditación [...] (559-560).

Verase que a narración do bestiario se modifcou, de tal xeito que a calor non provén da proximidade ó sol senón do rápido bater das ás da aguia —característica que posiblemente se tomou prestada do capítulo sobre o fénix—: “bat les alles tant tro que, per la calor del sol, en aquella lenya se pren foch” (Panunzio 1963-1964: I, 131). Moito do que di Talavera sobre a aguia vén doutras fontes, pero a súa débeda co bestiario é considerable<sup>13</sup>.

### 3. O VOITRE

As *cantigas de amigo* paralelísticas, a diferencia das *cantigas de escárnio e de mal dizer*, poucas veces presentan dificultades no seu significado aparente (aínda que a interpretación do seu sim-



Aguia. Miniatura do *Bestiario de Oxford*, século XIII.

bolismo subxacente pode naturalmente resultar difícil). Hai, sen embargo, unha *cantiga de amigo* que remata cun verso ben enigmático. O poeta é Estêvam Coelho, ás veces chamado Estêvam Perez Coelho, probablemente da derradeira etapa do reinado do Rei Dinís (véxanse Oliveira 1994: 329 e 1995: 118):

<sup>13</sup> Para a aguia, véxanse Rowland 1978: 51-57, Yapp 1981: 26-27, George & Yapp 1991: 142-143, Hassig 1995: 81-82 e 153-154, Tisdall 1998: 75-78, Blay Manzanares & Severin 1999: 34.

Sedia la fremosa seu sirgo torcendo,  
sa voz manselinha tremoso dizendo  
cantigas d'amigo.


Sedia la fremosa seu sirgo lavrando,  
sa voz manselinha tremoso cantando  
cantigas d'amigo.

“Par Deus de Cruz, dona, sei eu que avedes  
amor mui cuitado, que tam bem dizedes  
cantigas d'amigo;

par Deus de Cruz, dona, sei eu que andades  
amor mui cuitado, que tam bem cantades  
cantigas d'amigo.”

“Avúitor comestes, que adevinhades!”

(Reckert & Macedo 1996: 243)



Á esquerda, voitre (White, 1954). Á dereita, voitre do *Bestiario de Oxford*, século XIII.

O comentario sensible e esclarecedor de Stephen Reckert deste poema (1996: 244-245) comeza coa súa relación coas *chansons de toile* francesas (trato sobre isto en Deyermond 2001: 83-84), e logo céntrase nos seus sons e ritmo. Do derradeiro verso di que:

O verso acrescentado, cujo isolamento anómalo o torna mais concluyente, corresponde á pausa maior com que termina um ciclo de fiaçao, guardando-se na haste do fuso o fio acumulado, antes de começar um novo ciclo (245).

pero non comenta nada do seu contido, agás cando cita a observación de J. J.

Nunes de que “a superstição [...] de adivinhar o futuro, comendo carne de abutro, [...] ainda subsiste, com a troca [...] de aquela ave por outra [...]: o mocho” (243, n. 2). Carlos Paulo Martínez Pereiro di que:

Para alén da crenza popular que subxace a expresión, cremos que non sería descabido ver unha relación entre o desvío irónico burlesco de carácter hibridamente innovador deste texto tardío do xénero de amigo, e os tres elementos básicos dalguns dos textos de *mal dizer* ou *escarnho* sobre os agoiros: as aves, a comida e a adiviñación, presentes tamén na voz da amiga desta “cantiga de tear” narrativo-dramática. (1996: 39)

A súa discusión sobre as analogías nas *cantigas de escárnio e de mal dizer* (39-47) é moi instructiva, pero nin el nin Reczkert mencionan o bestiario, que nos dá a peza de información que falta para que a superstición popular teña sentido neste contexto e aclara mellor o estado de ánimo da moza aristocrata que está fiando. Algúns textos non nos axudan aquí: nin as versións catalanas do *Bestiario toscano* nin o capítulo 38 de *De bestiis et aliis rebus*, I (o capítulo sobre o voitre é un dos do aviario portugués que se perderon, o cal deriva deste) teñen a información necesaria, pero atopámola na versión castelá de Bruschetto Latini:

siente el olor de los cuerpos de los onbres más lueñe que ninguna otra animalia, en guisa que huele la mortandat de los onbres que es allende el mar. Et dizen aquellos que lo an acostumbrado que siguen las hues tes ó deve aver grand mortandat, &

por ellos adevinan quondo a de ser la mortandat de los onbres o de las bestias. (Libro I, cap. 171; Baldwin 1989: 82)

A primeira parte da información, ou algo semellante a ela, aparece na maioria dos textos, pero neste contexto a importante é a segunda parte: o voitre pode prever cando vai acontecer un desastre. Na tradición do bestiario representada nos manuscritos de Oxford e Cambridge ata pode preve-lo alcance do desastre, de tal xeito que os que vexan voitres saberán o que vai ocorrer:

Os voitres acostuman prognostica-la morte dos homes por medio de certos signos. Os augures son advertidos a través destes signos cada vez que dúas liñas de batalha se achegan nunha guerra lamentable —os paxaros séguenos nunha longa columba e a lonxitude desta amosa cántos soldados van morrer na loita. (White 1954: 109-110)

Cando a moza que está a fiar lle di á súa amiga que a súa habilidade para profetizar amosa que comeu un voitre, está claro que a profecía é de desastre e morte. Esta resposta non só acepta senón que reforza o xuízo da amiga de que a fiadora sofre de “amor mui cuidado”: este amor vai ter un final tráxico.

Pola contra, a mención do voitre no poema 13, v. 17, de Ausiàs March é unha alusión clásica que non lle debe nada ó bestiario (véxase Martín Pascual 1996: 81-82). Cando Fray Ambrosio Montesino emprega o voitre como un *exemplum* negativo no seu sermón do primeiro domingo despois da Epifanía, a característica seleccionada non



Á procura da pedra cervical do voitre. Gravado en madeira de L. Charboneau-Lassay, feito sobre ilustración do *Hortus sanitatis*, nunha edición de 1539.

aparece en ningún texto do bestiario que eu coñeza<sup>14</sup>. E áinda que se empregan os animais do bestiario varias veces nas *invenciones* dos torneos de

finais do século xv, que foron logo publicadas no *Cancionero general* de 1511, o uso do voitre en tres *invenciones* non vén do bestiario<sup>15</sup>. Á inversa, a característica do bestiario de reproducción asexuada (empregada como argumento na defensa da virxindade de María) non parece que estea reflectida en ningunha obra literaria hispano-medieval<sup>16</sup>. O aproveitamento de Estévam Coelho do relato do bestiario sobre o voitre é, polo tanto, insólito<sup>17</sup>.

#### 4. O FÉNIX

O primeiro achegamento hispano ó fénix está, desde logo, nas *Etymologiae* de Isidoro (Oroz Reta et al. 1982-1983: II, 108-110), pero a aparición máis temprá da ave na poesía atópase no *Carmina Rivipullensia*, colección de cancións de amor en latín composta no mosteiro catalán de Ripoll no último tercio do século xii:

14 "Y solos los buytres dexan morir a su padre y madre de hambre" (*Epístolas y Evangelios por todo el año con sus doctrinas y sermones*, citado por Sánchez Sánchez 1994: 919). No sermón de Montesino isto contrasta coa piedade filial das cegoñas (que é unha característica do bestiario) e das grúas (non no bestiario, pero presente aquí por analoxía coa cegoña, coa que ten parecido).

15 Trátase dunha disputa entre Rodrigo Alonso Pimentel, IV Conde de Benavente, Rodrigo Enríquez Osorio, I Conde de Lemos, e Juan Alonos Pimentel, fillo do primeiro autor; véxase Macpherson 1998: 53-56, nos. 18-20. A disputa xurdiu dunha pelexa entre estas familias aristocráticas pola posesión de Ponferrada en 1485-1486; véxase Macpherson 1997: 262-270. Sobre estas *invenciones*, véxanse tamén Battesti Pelegrin 1984: 104-105 e Casas Rigall 1995: 123 e 191.

16 Existe unha remota posibilidade de que o derradeiro verso do poema de Estévam Coelho faga tamén alusión a este aspecto do voitre do bestiario —que a moza que está a fier lle diga á sua amiga “colleches a habilidade do voitre para predicir un desastre e tes razón: a miña aventura amorosa vai rematar mal. Pero podías escoller outra das características do voitre: xamais atoparás un compañoiro”.

17 Para o voitre, véxanse McCulloch 1970: 184-186, Rowland 1978: 177-180, Yapp 1981: 114-115, George & Yapp 1991: 144-146, Hassig 1995: illus. 3, Tisdall 1998: 256, Blay Manzanares & Severin 1999: 37.

Vivat ergo, vivat felix  
per tot tempora quot Fenix;  
vivat opto tamen ita,  
mea vivat ut amica.  
(*Carmina Rivipullensis*, no. 12 (31),  
vv. 49-52; Moralejo 1986: 260)

A análise da estructura da colección de Ripoll debida a Peter Dronke sitúa este poema como o primeiro na segunda serie do poeta (a serie na que a amada é Gilberte; Dronke 1979-1980: 38)<sup>18</sup>. Os versos citados enriba son os derradeiros do poema e van despois dunha descripción sensual da amada Gilberte. A longa vida é un dos atributos do fénix no *Physiologus* e nas tradicións do bestiario<sup>19</sup>. O poeta adapta isto con habilidade: deseixa que Gilberte viva tanto tempo coma o fénix e espera que ela viva todo ese tempo como a súa amante.


Pouco despois da composición das cancións de Ripoll —quizais só unha ou dúas décadas máis tarde— o fénix aparece nun papel moi diferente, como unha das Marabillas de Oriente, no *Libro de Alexandre*<sup>20</sup>.

Falló el avezilla que Fenis es llamada,  
sola es en el siglo, nunca será doblada,  
ella misma se quema desque es mediada,  
de la ceniza muerta nace otra vegada.

Quando se siente vieja, aguisa su calera,  
enciérrase e quémase dentro en la foguera,  
finca el gusanillo como grano de pera,  
cría como de nuevo, ésta es cosa vera<sup>21</sup>.

Ian Michael afirma sobre pasaxes coma esta:

non só serven para alivia-lo posible cansazo do lector despois de extensas pasaxes narrativas e proverlle de información erudita, senón que tamén lle dan á composición a variedade e ornamento que se atopan na música, na pintura e na arquitectura do período. (1970: 273)



Fénix (White, 1954).

18 José-Luis Moralejo expresa algunas reticencias con respecto á análise estructural de Dronke (1986: 80-82).

19 Por exemplo: "expletis quingentis annis vitae suaे" (*Physiologus B*, cap. 9; Carmody 1939: 20); "Haec quingentis ultra annis vivens" (*Etymologiae*, xii.vii.22; Oroz Reta et al. 1982-1983: 108); "dizen algunos que bive quinientos & quarenta años" (*Tesoro*, lib. I, cap. 162; Baldwin 1989: 80); "Haec quingentis et ultra annis vivens" (*De bestiis*, I, cap. 49); "viu de cccc fins en d anys" (*Bestiari*, cap. 41; Panunzio 1963-1964: I, 130).

20 A data xeralmente aceptada, mediados dos anos 1220, parece que agora, en vista das investigacións de varios estudiosos, é demasiado tardía en vinte ou más anos (véxase Arizala 1999: 19-26).

21 St. 2475-2476; Cañas 1988: 545. Véxase Lugones 1976. A pasaxe está baseada na *Historia de preliis*: véxase Michael 1970: 292. Para as marabillas de Oriente, véxase Wittkower 1942.

O poeta do *Alexandre* adícalle dous versos á singularidade do fénix e seis versos á súa reproducción mediante a incineración. Ámbalas dúas son características correntes do *Physiologus* e das tradicións do bestiario, aínda que se lle adica moita máis atención á segunda (coma no poema español):

Fenis es una ave en Aravia, & non á más de una en todo el mundo; [...] & su muerte es para aver vida, ca vase para un árbol muy bueno & de muy buena olor, & aliega un montón de leña & pone ý fuego, & entra dentro, & esto es contra oriente. Et quando es quemado, nasce en aquel día mesmo un gusano bivo de su ceniza; & el segundo día es así commo un poliello pequeño, & el tercero día es tan grande & tan crecido commo deve ser, & buela & vase para su lugar do solié morar. (*Tesoro*, I.162; Baldwin 1989: 80)

ella ajust de la pus secha lenya que pot trobar e fa'n un gran mont, e en aquell loch on ella veu que lo sol és pus calt e més tocha, e met se dins lo mont d'aquella lenya, e bat les alles tant tro que, per la calor del sol, en aquella lenya se pren foch, e axí ella-s crema. E de la sendra que hix d'ella neix un verme lo qual torna puys fenis [...], e axí nul temps no n'és sinó una. (*Bestiari*, I.41; Panunzio 1963-1964: I, 130-131)

O poeta preocúpase soamente destas dúas características: ve ó fénix como unha marabilla natural e as outras dúas peculiaridades salientes do bestiario — a longa vida da ave e a descripción da súa apariencia— parece que non lle interesan. Tampouco se ocupa da interpretación cristiá (o ciclo vital do fénix como símbolo de morte e resurrección). En textos más serodios, sen embargo,

tanto o simbolismo relixioso coma o erótico son esenciais no emprego desta ave por parte de autores hispanos.

San Vicente Ferrer fai un emprego elocuente do simbolismo do fénix ó final dun sermón:

Dien los naturals que en lo món que no-y ha sinó hun fénix, hun ocell que s'appelle fénix. E quan ha viscut D anys, diu que fa hun niu de buscallas, e ell està lla en la terra on se fa la canella e lo pebre, e despuix gite's sobre les buscallas [...] Susaxí devem fer nosaltres per amar Jesuchrist. Les buscallas són los pensamientos del cor. Ara saps com se entén aquest foch? Yo t'o diré. *Primo*, si vols que lo teu cor se encena en la amor de Jesuchrist en lo niu del teu cor, prin aquesta buscalla: Pensa tu qui te ha format lo cors. Cert és que Déus [...] E vet que si tu hi mets de aquestes buscallas en lo teu cor, ell se encendrà en la amor de Jesuchrist, per què ell te renovellarà la tua ànima per gràcia. (Schib 1977: 188; véxase Martín Pascual 1996: 183-184)

É sorprendente que Juan López de Salamanca, que estaba moi familiarizado co material do bestiario, non inclúa o fénix na lista de “enxenplos naturales cómo la resurrección es cosa creíble” no seu *Segundo libro de los Evangelios moralizados de los domingos de todo el año* (véxase Sánchez Sánchez 1994: 917n8).

Xa vimos como o poeta de Ripoll aproveita a énfase que fai o bestiario na lonxevidade do fénix. A historia da súa rexeneración proporciona unha rica fonte de simbolismo para os poetas amatorios do século xv. Gilabert de Próixita, do cal xa comentámo-lo emprego da aguia (pp. 20-21), compara

esta historia coa súa propia desesperación no lume do amor:

Co-l Ffénix fay, qui-s crema per natura  
perquè son cors vaje renovelhan,  
o ay fayt yeu, dona, que-m vau creman  
del foch d'amor per aver joya pura;  
però, midons, yeu no semble l'auselh,  
car tots jorns crem e nultemps renovelhan  
mon dol en joy, ans dobla ma feunia [...]  
(poema 12, vv. 28-34; Riquer 1954: 66)

Martín Pascual amosa (1996: 69-72) como o pesimismo da imaxe de Próxita, na que o lume só serve para atormentalo eternamente, difire das imaxes do fénix de varios poetas provenzais e italianos. A imaxe é empregada de xeito semellante por Costana, poeta castelán de finais do século xv, nos seus *Conjuros*, poema de reproche á súa cruel amada:



O fénix no altar de Heliópolis. Gravado en madeira de L. C. L., feito sobre a ilustración do orixinal *Libre de Meravelles*, de R. Llull, do século XIV.

Aquella ravia sin ruego,  
aque'l dolor dell abismo  
tan sin vicio,  
con qu'el fénix haze el fuego  
en que haze de sí mismo  
sacrificio [...]  
(ID 0873, vv. 110-115; Dutton 1990-1991: v, 214)

Nos *Conjuros* Costana recorre moito á imaxinería do bestiario (véxase Lugones 1981). Pero non vou comentar máis del neste artigo xa que estou a preparar outro estudio adicado a este aspecto do seu poema.

O emprego más amplio e complejo do fénix na literatura ibérica medieval atópase na poesía do valenciano Joan Roís de Corella, sendo a maior parte do seu traballo posiblemente do terceiro cuarto do século xv (como ocorre con moitos poetas líricos tardomedievais, os estudiosos atopan que é imposible establecer unha cronoloxía dos seus escritos, aínda que agora se sabe que el naceu en 1435 e morreu en 1497: véxase Chiner 1993). Emprega o fénix como metáfora en tres poemas, un relixioso e dous dirixidos a Carles, Príncipe de Viana (véxase Deyermond 1993: 98), e desenvolve a imaxe de xeito máis elaborado en dous poemas amatorios. Debido a que xa teño escrito sobre estes poemas noutro lugar (1993: 104-105), non se precisa aquí un exame completo, excepto nun punto no que introduzo unha nova evidencia que confirma o meu xuízo previo. Na *Requesta d'amor*, Roís de Corella comeza coa singularidade do fénix (o punto de partida de dúas das súas metáforas, así como a comparación de Pero Marcuello de Isabel a Católica con esta ave —véxase p. 32—):

Un sou vós, lo remei de ma vida,  
sola en lo món que mon voler adora,  
hon mos desigs speren fi complida<sup>22</sup>.

A palabra “fénix” non se emprega, pero “sola en lo món” é inconfundible (comprárese “sola es en el siglo” do *Libro de Alexandre*)<sup>23</sup>. A diferencia de Próixita, Roís de Corella espera un remedio —amor recíproco— da súa dama. O outro poema é más complexo no tratamento da imaxe:

Mas, si voleu que davall vostra manta  
muyra prop vós, hauran fin mes dolors;  
seré l'ocell qu'en lit ple de odors  
mor, ja content de sa vida ser tanta.  
(*La mort per amor*, vv. 5-8; 427 = 49;  
véxase Martín Pascual 1996: 71 e Martínez Romero 2000: 201-202)

Isto débese en parte a que os versos 1-4 acaban de introducir outra imaxe do bestiario, a da serea, e en parte á ambigüidade de “muyra [...] mor” nos versos 6 e 8 e á introducción de “lit” no verso 7. Aquí non se menciona tampouco a palabra “fénix”, pero a descripción no verso 7 non deixa lugar a dúbidas: *De bestiis* di “collectis aromatum virgulis rogum sibi instruit” (I.49, col. 48) e o *Tesoro* refírese a “un árbol muy bueno & de muy buena olor” (I.162; 1989: 80). A analogía entre a persona do poeta e o fénix remata coa morte no lume, sen rastro da nova vida que lle debería

seguir, pero igual có fénix está “ja content” (porque sabe que vai xurdir un novo fénix das cinsas), o poeta tamén está satisfeito. ¿Por que? Creo que a resposta se atopa nas palabras “en lit ple de odors / mor”. Os textos do bestiario non din que o fénix faga un leito (cando empregan un nome para o lugar no que o fénix prende o lume din “morea”, “cadaleito”, etcétera), aínda que o *Bestiaire d'amour rimé* do século XIII, a pesar de non nomea-lo lugar de descanso (“en mi leu” significa “no medio de”), quizais implique un leito no seu emprego do verbo “coucher”:

en son ni espices asamble  
et pierres de vertus ensamble;  
puis se vait coucher en mi leu,  
a son bec i alumé feu.  
(vv. 1179-1182; Thordstein 1941: 41)

Cando Roís de Corella di “que davall vostra manta / muyra prop vós” e inmediatamente asocia isto con “en lit ple de odors”, a connotación sexual é innegable. As palabras “hauran fin mes dolors” poden desde logo significala morte literal, pero tamén suxiren convincentemente que as “dolors” do desejo sexual frustrado rematarán coa consumación do amor do poeta. “Muyra” e “mor”, que teñen nun nivel o seu significado literal, refírense noutro nivel ó orgasmo. Esta conclusión pode resultar

22 Vv. 1-3; Miquel i Planas 1913: 439 = Carbonell 1973: 60) A singularidade da ave proporcionalle a Ausiàs March unha metáfora: “entre ls mellors sols me trobara fénix” (poema 18, v. 20; Archer 1997: [I], 99). Véxase Martín Pascual 1996: 72.

23 Tomàs Martínez Romero non acepta que esta sexa unha alusión ó fénix (2000: 202-203): “em sembla que la coincidència és francament fortuit” (202); e Llúcia Martín Pascual non inclúe esta pasaxe no seu exame sobre imaxes de animais en Roís de Corella (1996: 71). Sen embargo, coas razóns aducidas quedo convencido de que o poeta está a compara-la súa amada co fénix.

sorprendente para aqueles que non estean familiarizados co traballo de Keith Whinnom sobre o léxico da *canción castelá* de finais do século xv e principios do xvi (Whinnom 1970: 373-374 e 1981: 44-46), pero un exame das probas de Whinnom amosará que o significado sexual de “morir” e “muerte” é frequente e que tamén se atopa nas palabras equivalentes doutras linguas. A imaxe do fénix é particularmente axeitada para este significado de “muyra” e “mor”, porque á morte metafórica no orgasmo pronto lle seguirá o renacemento do desexo sexual.

Quirós, contemporáneo de Costaña e posiblemente de Valencia pese a que escribe sempre en castelán, emprega o fénix dun xeito similar a Próxita ainda que con algo da ambigüidade presente en *La mort per amor* de Roís de Corella:

Como la voluntad viene  
al fénix cargado en días  
a dar la fin que conviene  
que con más bevir no pene,  
Assí con las manos mías  
encendi  
el huego do me metí;  
con su acuerdo  
luego que la vida pierdo  
torno en mí.  
("Otra obra suya en la qual habla  
consigo mismo",  
ID 6716, vv. 74-83; Dutton 1990-91:  
v. 484)

Sería posible buscar outras aparicións da imaxe do fénix na poesía amatoria deste período, pero excedería o espacio dispoñible; véxase, por agora, Manero Sorolla 1991. Debo, sen embargo, comentar con detención o poema de



Fénix, *Bestiario de Oxford*, século XIII.

Pero Marcuello e a miniatura que o acompaña, nos cales o fénix vai unido ó pelícano:

- Al fénix y al pelícano, por la donzella*
- Tú, fenix, eres nombrada  
de solo nombre jocundo,  
mas más mi Reyna es dotada  
de la virtut y loada  
5      por el universo mundo,  
y es una muy clara estrella  
sobre todas relunbrada,  
la qual yzo el rey con ella  
en Ronda, Loxa y Marbella  
10     yglesias, y ará en Granada.  
Si a ty sola entre las aves  
hizo sin par el Senyor  
a mi Reyna dio las llaves  
de las arcas de bondades,  
15     yo afirmo ser la mejor;  
y el pelícano es mi rey,  
según demuestra en sus echos,  
que por la ffe y santa ley  
ofrece la vida y grey  
20     y la sangre de sus pechos.  
(*Cancionero de Pero Marcuello*,  
poema 45, fol. 70r; Blecua 1987:  
157)

Os poemas do *Cancionero* foron compostos entre 1482 e 1502 (Blecua 1987: 10); Michel Garcia insinúa un espacío de tempo máis curto, desde 1482 a 1492 (1989: 55). Este poema non pudo ser composto antes de 1486, xa que ese foi o ano no que Loja foi tomada, e Ronda e Marbella caeron en 1485 (Hillgarth 1976-78: II, 382). De cara a este poema, no fol. 69v (1987: 156), está a trixésima miniatura do manuscrito (sobre as miniaturas, véxase Bernis 1952). Leva como encabezamento “Ffénix y Pellícano” e representa dous outeiros xemelgos coroados, á esquerda, por un pelícano que está a mante-la súa cría co seu sangue e, á dereita, un fénix no seu niño ardendo. Entre os outeiros está unha muller sostendo unha filacteria coas palabras “Tú fenix eres nombrada”<sup>24</sup>.

O propósito principal de “a ty sola entre las aves / hizo sin par el Senyor” (vv. 11-12) é, desde logo, sinala-la singularidade e supremacía de Isabel a Católica (a primeira metade de cada unha das dúas estrofas está ocupada pola equivalencia entre o fénix e Isa-

bel), pero as palabras de Marcuello tamén reflicten a primeira característica do bestiario sobre esta ave: “É única: non ten igual en todo o mundo” (White 1954: 125) —só existe un fénix para tódolos tempos (“sola es en el siglo, nunca será doblada”, como dixera o poeta de *Alexandre* case trescentos anos antes). De feito, Marcuello só emprega este atributo do fénix, xa que é o único relevante para o seu propósito<sup>25</sup>. Os outros —a autoinmolación seguida do renacemento ós tres días (o fénix como símbolo da Resurrección), a longa vida, o método de reproducción asexuado (o fénix como símbolo de virxindade e, polo tanto, da Virxe María)— non se axustan ó que quere dicir da Raíña e a maioría non son congruentes neste contexto<sup>26</sup>.

## 5. O PELICANO

Pelícano es una ave en Egipto, do dizen los antiguos que fieran los fijos a los padres de las alas en los rostros fasta que los ensañan & los

24 Nun manuscrito de *Le Livre des proprietez des choses* copiado en Bruxas en 1482 (só uns anos antes do *Cancionero* de Marcuello), hai unha miniatura que ten no fondo á esquerda un outeiro estilizado semellante ós da miniatura de Marcuello; no cume do outeiro hai un fénix nas chamas e nas pólás dunha árbore, sobresaíndo á dereita do outeiro, está un pelícano mantendo as súas crías con sangue (véxase Yapp 1981: 116-117). A forte semellanza iconográfica sinala unha influencia flamenga no artista da miniatura de Marcuello (esta influencia era, desde logo, común na arte e na música da corte dos Monarcas Católicos).


25 O mesmo se pode dicir dun capítulo misóxino no *Orto do Esposo* portugués, de fins do século XIV ou principios do XV: “como quer que diga Valerio que a muy boa molher he tanto aadur de achar como a ave Finiz, que nã he mais que húa é todo o mûndo, pero bem creo que mais averá no mûndo de boas mñheres que húa soo” (Libro IV, cap. 58; Maler 1956: I, 311).

26 Sobre o fénix, véxanse Hubaux & Leroy 1939, Broek 1972, Rowland 1978: 134-140, Anglada Anfruna 1983, Mermier 1989, George & Yapp 1991: 186, Hassig 1995: 72-83 e illus. 67-77, Tisdall 1998: 196-197.

matan. Et quando los vee la madre muertos, llora & faze muy grant duelo tres días, & a la encima lláhasse con supico en el costado & esparze su sangre sobre sus hijos, así que por razón de la sangre los torna bivos a vida. [...] Santa Yglesia da testimonio dello, do Nuestro Señor dize: "Yo só fecho pelícano por semejanza." (Tesoro, I.166; Baldwin 1989: 81)

Lo pellicà si é un alcellqui ha aytal natura: que com ell ha fets sos fills e ells són crescuts, si-s levan contra lur mara, e la férان ab les lurs alles; e la mara, per ira e per gran iniquitat que n'ha, alciu-los tots, e estan axí morts tres jorns. E puys la mara plany molt sos fills, e coneix que mal ha fet, e fér-se del bech als pits tro

que és morta; e la sua sanch escampa's sobra sos fills, e mantinent tórnans vius. Aquest pellicà podem comparar a nostre senyor Déus, qui com hac creat lo primer home en peradís terrenal e li hac dad companyia, axí com ell la li hac demandada, e ell encontinent se levà en contra son creador [...] Car ell morí e anà al lim d'infern ab tots quants ne nasqueren après d'ell, tro al temps que venchi pietat a nostre senyor Déu, qui [...] tramés lo seu dolç fill en terra, qui [...] escampà la sua sanch dolsa, ab la qual untà e ressuscità tots aquells qui éran stats sos fills [...] (Bestiari, cap. 29; Panunzio 1963-1964: I, 108-109)



O pelícano (White, 1954).

Estes textos, coma tódolos outros do *Physiologus* e das tradicións do bestiario, adican case todo o capítulo sobre o pelícano a esta historia (en moitos

casos, cunha extensa moralización cristiá), aínda que difiren sobre se o sacrificio o fai o pelícano femia ou macho, ou ámbolos dous. É unha his-

toria moi atraente para escritores e artistas —incluído, como xa temos visto, Pero Marcuello e o pintor da súa miniatura:

- Si a ty sola entre las aves  
hizo sin par el Senyor  
a mi Reyna dio las llaves  
de las arcas de bondades,  
15 yo afirmo ser la mejor;  
y el pelícano es mi rey,  
según demuestra en sus echos,  
que por la ffe y santa ley  
ofrece la vida y grey  
20 y la sangre de sus pechos.  
(*Cancionero de Pero Marcuello*,  
poema 45, fol. 70r; Blecua 1987: 157)

O fénix e o pelícano están moi próximos tanto no *Physiologus* (están separados soamente por dous capítulos na versión B e na versión Y; véxanse Carmody 1939 e 1941) coma nos bestiarios dos séculos XII e XIII (sepáranos tres capítulos nas *Etymologiae* de Isidoro, no *Livres dou tresor* de Brunetto Latini e nos bestiarios de Cambridge e Oxford traducidos por White 1954 e Barber 1992 respectivamente), aínda que o pelícano vai primeiro no *Physiologus* e o fénix en Isidoro, Brunetto Latini e nos manuscritos do bestiario<sup>27</sup>. Están máis separados en *De bestiis et aliis rebus*, I, onde o pelícano é descrito no capítulo 33 e o fénix no capítulo 49. Parece más probable, polo tanto, que Pero Marcuello coñecese o texto do bestiario ou unha das traduccións ibéricas de Latini directamente, ca que obtivera o seu coñecemento do fénix e do pelícano dos sermones ou doutra

fonte intermedia, e que debe ó bestiario ou a Latini non só o contido do que di sobre estas aves, senón tamén a idea de conxugalas. Están unidas, sen embargo, só no nivel do simbolismo político —o fénix é Isabel e o pelícano é Fernando— e non existe unha fusión conceptual. Este fallo de non face-lo salto imaxinativo da convención á fusión fai que resulte difícil estar en desacordo co xuízo de José Manuel Blecua quen di que a obra de Marcuello é “de muy escaso vuelo poético” (1987: 12).

Beryl Rowland dinos que nos séculos XVI e XVII o pelícano se empregaba como “emblema do bo rei que dedica a súa vida ó benestar do pobo” e que un libro sobre Carlos I de Inglaterra escrito en 1649 se titulaba *The Princely Pelican* (1978: 132). 1649 foi o ano da execución de Carlos, polo que o simbolismo do pelícano que lles dá o seu sangue ás súas crías é particularmente axeitado. Pero a asociación do pelícano coa realeza non comezou co libro de emblemas de Nicolaus Reusner de 1581, ó que se refire Rowland. Como vemos, foi empregada por Marcuello un século antes de Reusner: Fernando o Católico, arriscando a vida polo seu pobo na campaña de Granada, está disposto a derrama-lo seu sangue para asegura-las vidas deles. E se imos outro século cara a atrás, ó último cuarto do século XIV, atopamos que Pero López de Ayala, Chanceler de

27 O *Livres dou tresor*, aínda que depende moito das *Etymologiae* en canto ó seu contido, dispón os animais nunha orde diferente e as aves que separan o fénix e o pelícano nestes dous textos son distintas.

Castela, emprega o pelícano como imaxe do deber do rei cara ó seu pobo<sup>28</sup>.

López de Ayala, a diferencia de Pero Marcuello, non menciona ó pelícano explicitamente, pero a imaxe é clara para calquera que coñeza o relato do bestiario desta ave ou a súa representación na arte:

“Señor”, dizen judíos, “servicio vos faremos: tres cuentos más que antaño, por ellas vos daremos, e buenos fiadores llenos vos prometemos, con estas condiciones, que escriptas vos traemos.”

Aquellas condiciones, Dios sabe quáles son: para el pueblo mesquino, negras como carbón. “Señor”, dizen privados, “faredes grant rrazón de les dar estas rrentas encima gualardón.”

Dize luego el rey: “A mí plaze de grado de les fazer plazer, que mucho han pujado ogaño en las rrentas”, e non cata el cuidado que toda esta sangre sale del su costado. (*Rimado de palacio*, st. 251-253; Orduna 1987: 169)

Esta pasaxe complexa e suxestiva é parte da crítica de López de Ayala ós conselleiros do rei, os seus *privados* (esta crítica é infrecuente na tradición satírica na que está a escribi-lo poeta; véxase Strong 1984: 208-209). Estes son culpados dos errores do rei e de conspirar cos xudeus para se Enriqueceren eles (Strong considera que López de Ayala é moito máis anti-xudeu no *Rimado* que nas súas crónicas).

Eu creo que o que o poeta está a decir aquí é que a obriga do rei é protexe-lo seu pobo, mesmo a expensas do seu propio benestar e seguridade, igual



Pelícano. Debuxo do *Caderno de Villard de Honnecourt*, século XIII.

ca se fosen os seus fillos (o *topos* do rei como pai do seu pobo —de aí a alusión ó pelícano esgazando o seu peito para mante-los os seus fillos co seu propio sangue—). Pero ó escucha-los malos conseillos dos seus *privados* e, como consecuencia, acceder ás pretensiós dos financeiros, recadadores de impostos e prestamistas xudeus (comunmente considerados entre os cristiáns medievais coma samesugas que zigan o sangue), prexudica o seu pobo: os que tiñan que recibi-lo sangue da vida do seu rei están a perdela pola debilidade deste. Ademais, na teoría política medieval (e de máis tarde), o rei non é só un home mortal senón tamén a encarnación do corpo político, o estado:

28 Sobre as datas do *Rimado* coma un todo e das partes que o componen, véxase Orduna 1987: 50-63. A sección sobre os estamentos da sociedade, á que pertence a imaxe do pelícano, xa estaba posiblemente completada antes da batalla de Aljubarrota (1385), cando López de Ayala foi capturado e encarcerado en Portugal (1987: 23 e 59).

Porque o Rei ten nel dous Corpos, viz., un Corpo natural e un Corpo político. O seu Corpo natural (se é considerado en si mesmo) é un Corpo mortal, exposto a tódalas doenzas que veñen pola Natureza ou por accidente, á Imbecilidade da Idade anciá e a Deficiencias semeillantes que lles ocorren ós Corpos naturais doutras Persoas. Pero o seu Corpo político é un Corpo que non se pode ver nin tocar, que consta de Política e Goberno e foi fundado para a Dirección do Pobo e a Xestión do ben público [...] (Edmund Plowden, citado en Kantorowicz 1957: 7)

Plowden está a informar sobre un caso de xurisprudencia de principios da década de 1560, pero a idea que expón con tanta elocuencia é fundamental

para comprende-las actitudes tardomedievais cara á monarquía na Europa occidental e pódese relacionar tanto coa Castela dos Trastámara coma coa Inglaterra isabelina. Deste xeito, se a xente do pobo ("el pueblo mesquino") sofre "condiciones [...] negras como carbón" debido ás extorsións dos avarentos recadadores de impostos, a economía nacional sofre e o corpo político é lacerado, aínda que o rei tolo non se decate, ata que xa é demasiado tarde, de que "toda esta sangre sale del su costado". Converteuse involuntariamente nun pelícano e está a perder sangue, non para mante-lo seu pobo, senón para satisfacer a rapacidade dos



Á esquerda, páxina do *Album Pepsyan*, do século XIV, con modelos de animais para artistas, onde aparece o pelícano. Á dereita, detalle do pelícano bordado na *Cappa pluviale di Plenzo*, do século XV, que segue as pautas do modelo.

xudeus e dos seus cómplices, os *privados*. Esta saliente concentración de polémica político-económica só é posible gracias á imaxe implícita do pelícano. O pelícano emprégase a miúdo no simbolismo cristián para representar a Cristo crucificado, co sangue e a auga fluíndo do seu lombo perforado<sup>29</sup>. Nestas estrofas do *Rimado de palacio*, López de Ayala emprégao para expresa-la súa visión conservadora da política fiscal e a súa forte desconfianza dos xudeus.

A imaxe do sacrificio do pelícano pode aplicarse ó lamento dun amante, coma nunha *invención* anónima do *Cancionero general*:

*Otro galán sacó un pelícano, y dixo:  
Éste y yo nos contentamos  
de la muerte que nos damos*<sup>30</sup>.

Aquí ten a mesma función cá imaxe do fénix en Próixita e Quirós (véxanse pp. 29-30 e 32).

Estes empregos seculares da imaxe non son, desde logo, os únicos. Juan López de Salamanca, como xa vimos (p. 29), menciona “enxenplos naturales cómo la resurrección es cosa creíble” nun dos sermones recollidos no seu *Segundo libro de los Evangelios moralizados de los domingos de todo el año*. É sorprendente que non empregue o fénix, pero si que di:

*El pellícano quando falla los fijos en  
el nido muertos de la serpiente,  
ponse sobre aquéllos e feriendo con*

el rostro en sus pechos, faz sangre e cayendo sobre los fijos, luego tornan a bivir. [...] Podía decir nuestro Señor a sus discípulos: “¿Por qué no creísteis que yo podía resurgir por la virtud de mi divinidad, pues el tiempo con su calor, el león con su boz, el pellícano con su sangre e la comadreja con virtud de su yerva, pueden dar virtud e vida e resucitar los muertos suyos?” (Sánchez Sánchez 1994: 917, n. 8)

Unha lista similar de animais, tres deles sacados do bestiario, dáse no Acto 4 da *Celestina*, lista que comezou con dous animais na *Comedia de Calisto y Melibea* e foi incrementada ata cinco cando a *Comedia* se transformou en *Tragicomedia*. Un dos animais engadidos é o pelícano: “El pelícano rompe el pecho por dar a sus hijos a comer de sus entrañas” (Russell 1991: 314). O propósito —tanto o propósito aparente coma o real— difire do da lista de Juan López de Salamanca: estas non son analogías da Resurrección, senón *exempla* da compaixón —da compaixón cristiá, insinúa Celestina cando confronta a Melibea coa lista. Pero a compaixón á que ela anima a Melibea é moi diferente da da caridade cristiá:

*¿Por qué no daremos parte de nuestras gracias y personas a los próximos, mayormente cuando están embueltos en secretas enfermedades, y tales que donde está la melezina salió la causa de la enfermedad?* (314)

29 “Cristo ascendeu á Cruz e batéronlle no lombo: sangue e auga fluíron para a nosa salvación, para dárno-la vida eterna” (Barber 1992: 147).

30 ID 4152; Macpherson 1998: 80, no. 69. Véxanse Casas Rigall 1995: 105 e Macpherson 1998: 90-91.



Pelícano, *Bestiario de Oxford*, século XIII.

O que *Celestina* quere dicir é o que os poetas amatorios dan a entender cando empregan a morte do fénix no lume como imaxe da cruidade da súa dama: Melibea debería entregar-lo seu corpo á paixón de Calisto<sup>31</sup>. Deste xeito, o bestiario, que emprega a zoología e a pseudo-zoología ó servicio do ensino moral, pódese empregar con fins mundanos e pecaminosos con tanta facilidade como o empregan os predicadores<sup>32</sup>.

## 6. CONCLUSIÓN

Ocupeime aquí só de catro aves —un cuarto das aves do bestiario que

usan os poetas e prosistas hispano-medievais— e non dei unha relación completa da presencia literaria desas catro. Sen embargo, analicei con certa profusión os exemplos que escollín, xa que isto me parece máis interesante e, á vez, más útil ca unha lista de tó dolos exemplos posibles. Incluso entre o número relativamente reducido de exemplos estudiados, viuse unha extensa variedade: autores que escriben en latín, castelán, galego-portugués e catalán; autores desde finais do século XII ata principios do XVI; aves do bestiario en sermones, poesía amatoria, panegíricos, narracións heroicas e crítica social. Espero que este artigo non só

31 Vicenta Blay Manzanera e Dorothy S. Severin comentan que “O pelícano [...] que derrama o seu sangue polas súas crías é aquí un exemplo irónico de autosacrificio que anuncia a morte de Melibea” (1999: 16).

32 Sobre o pelícano, véxanse Graham 1962, Rowland 1978: 130–133, Yapp 1981: 100–101, 116–117 e 160–161, George & Yapp 1991: 137–138, Tisdall 1998: 195, Blay Manzanera & Severin 1999: 36.

amosase os modos nos que os autores hispano-medievais empregan unha das moitas tradicións de que dispoñían, senón que tamén cumprise cun propósito metodolóxico. O interese no bestiario non rematou co fin da Idade Media, nin sequera dos Séculos de Ouro, e a interpretación de moitas obras da literatura peninsular e latinoamericana, desde o século XVI ata os nosos días, beneficiarase do coñecemento do lector da tradición do bestiario<sup>33</sup>.

#### OBRAS CITADAS

Amador de los Ríos, José, 1865. *Historia crítica de la literatura española*, VII (Madrid: o autor, impr. Joaquín Muñoz).

Anglada Anfruna, Ángel, 1983. *El mito del ave fénix* (Barcelona: Bosch).

Archer, Robert, 1985. *The Pervasive Image: The Role of Analogy in the Poetry of Ausiàs March*, Purdue University Monographs in Romance Languages, 17 (Amsterdam: John Benjamins).

—ed., 1997. Ausiàs March, *Obra completa*, 2 vols. (Barcelona: Barcanova).

Arizaleta, Amaia, 1999. *La Translation d'Alexandre: recherches sur les struc-*

*tures et les significations du 'Libro de Alexandre'*, Annexes des *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*, 12 (Paris: Séminaire d'Études Médiévales Hispaniques de l'Université Paris-XIII).

Azevedo, Pedro de, ed., 1925. "Uma versão portuguesa da história natural das aves do sec. XIV", *Revista Lusitana*, 25: 128-147.

Baldwin, Spurgeon, ed., 1982. *The Medieval Castilian Bestiary from Brunetto Latini's "Tesoro": Study and Edition*, Exeter Hispanic Texts, 31 (Exeter: University of Exeter).

—ed., 1989. "*Libro del tesoro*": versión castellana de "Li Livres dou Tresor", Spanish Series, 46 (Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies).

Barber, Richard, trad., 1992. *Bestiary, Being an English Version of the Bodleian Library, Oxford M.S. 764* (London: The Folio Society).

Battesti Pelegrin, Jeanne, 1984. "Court ou bref", en *Les Formes brèves: Actes du Colloque International de La Baume-les-Aix, 26-27-28 novembre 1982*, ed. Benito Pelegrin (Aix-en-Provence: Université de Provence), pp. 98-122.

33 Quero expresa-la miña gratitud ós colegas e amigos que me axudaron cos xenerosos obsequios de libros e artigos que, doutro xeito, serían difíciles de obter: Robert Archer, Gerardo Boto Varela, Begoña Campos Souto, Willene B. Clark, o finado Stephen Gilman, Nilda Guglielmi, Louise M. Haywood, a finada Florence McCulloch, Llúcia Martín Pascual, José-Luis Moralejo, Patricia Odber de Baubeta e Stephen Reckert. A miña esposa Ann axudou, durante moitos anos, a facer unha colección de libros do bestiario que foron a base indispensable para a miña investigación nesta área. Finalmente, agradezo a Ana Belén López Pérez o esmero e a sensibilidade da traducción ó galego do meu orixinal inglés, e a Javier Vilariño Pintos a selección das ilustracións.

- Baxter, Ron, 1998. *Medieval Bestiaries and their Users in the Middle Ages* (Thrupp, Glos.: Sutton Publishing with Courtauld Institute).
- Beasts and Birds* 1989. *Beasts and Birds of the Middle Ages: The Bestiary and its Legacy*, ed. Willene B. Clark & Meradith T. McMunn (Philadelphia: University of Pennsylvania Press).
- Bernis, Carmen, 1952. "Las miniaturas de *El cantionario de Pero Marcuello*", *Archivo Español de Arte*, 25: 1-24.
- Blay Manzanera, Vicenta, & Dorothy S. Severin, 1999. *Animals in 'Celestina'*, Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 18 (London: Department of Hispanic Studies, Queen Mary and Westfield College).
- Blecua, José Manuel, ed., 1987. Pedro Marcuello, *Cancionero*, Publicaciones, 1103 (Zaragoza: Institución Fernando el Católico).
- Boto Varela, Gerardo, 2001. *Ornamento sin delito: los seres imaginarios del Claustro de Silos y sus ecos en la escultura románica peninsular*, Studia Silensis: Series Maior, 3 (Silos: Abadía, 2000 [2001]).
- Broek, Roclof van den, 1972. *The Myth of the Phoenix According to Classical and Christian Traditions* (Leiden: E. J. Brill).
- Cañas, Jesús, ed., 1988. *Libro de Alexandre*, 2<sup>a</sup> ed., Letras Hispánicas, 280 (Madrid: Cátedra).
- Carbonell, Jordi, ed., 1973. Joan Roís de Corella, *Obra profana* (València: Albatros). Reimpr. València: Eli-seu Climent, 1983.
- Carmody, Francis J., 1938. "De bestiis et aliis rebus and the Latin Physiogus", *Speculum*, 13: 153-159.
- ed., 1939. "*Physiologus latinus*": éditions préliminaires: versio B (Paris: E. Droz).
- ed., 1941. "*Physiologus latinus*" versio Y, University of California Publications in Classical Philology, 12.7 (Berkeley: University of California Press).
- Casas Rigall, Juan, 1995. *Agudeza y retórica en la poesía de cancionero*, Monografías da Universidade, 185 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Chiner, Jaume J., 1993. "Aportació a la biografia de Joan Roís de Corella: noves dades sobre el seu naixement i la seua mort", *Caplletra*, 15: 49-62.
- Clark, Willene B., 1982. "The Illustrated Medieval Aviary and the Lay-Brotherhood", *Gesta*, 21: 63-74.
- 1989. "The Aviary-Bestiary at the Houghton Library, Harvard", en *Beasts and Birds* 1989: 26-52.
- ed. & trad., 1992. *The Medieval Book of Birds: Hough of Fouilloy's "Avarium"*, Medieval & Renaissance Texts & Studies, 80 (Binghamton,

- NY: Medieval & Renaissance Texts & Studies).
- 1995. “Zoology in the Medieval Latin Bestiary”, en *Man and Nature in the Middle Ages*, ed. Susan J. Ridyard & Robert G. Benson (Sewanee, TN: University of the South Press), pp. 223-245.
- 1996. “Twelfth and Thirteenth-Century Latin Sermons and the Bestiary”, *Comparaison*, 1: 5-19.
- Deyermond, Alan, 1993. “Imágenes del bestiario en la poesía de Joan Roís de Corella”, en *Homenaje al Professor José Frajedas Lebrero*, ed. José Romera Castillo et al. (Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia), I, pp. 95-106.
- 2001. “El tejido en el texto, el texto tejido: las *chansons de toile* y poemas análogos”, en *Géneros literarios e interrelaciones de géneros en la literatura medieval*, ed. Fernando Carmona & Antonia Martínez = *Estudios Románicos* (Murcia), 11 (1999 [2001]): 71-104.
- Dronke, Peter, 1979-1980. “The Interpretation of the Ripoll Love-Songs”, *Romance Philology*, 33: 14-42.
- Dutton, Brian, ed., 1975. Gonzalo de Berceo, *El duelo de la Virgen; Los himnos; Los loores de Nuestra Señora; Los signos del Juicio Final*. Obras Completas, 3, Colección Támesis, A18 (London: Tamesis Books).
- ed., con Jineen Krogstad, 1990-91. *El cancionero del siglo XV, c. 1360-1520*, Biblioteca Española del Siglo xv, Serie Maior, 1-7 (Salamanca: BESXV & Universidad de Salamanca).
- Garcia, Michel, 1989. “El cancionero de Pero Marcuello”, en *The Age of the Catholic Monarchs, 1474-1516: Literary Studies in Memory of Keith Whinnom*, ed. Alan Deyermond & Ian Macpherson (Liverpool: Liverpool University Press), pp. 48-56.
- George, Wilma, & Brunsdon Yapp, 1991. *The Naming of the Beasts: Natural History in the Medieval Bestiary* (London: Duckworth).
- Gonçalves, Maria Isabel Rebelo, 1988. “Simbologia animal: prolongamentos clássicos na tradição literária da Idade Média”, en *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Santiago de Compostela, 2 al 6 de diciembre de 1985*, ed. Vicente Beltrán (Barcelona: PPU), pp. 321-327.
- Graham, Victor, 1962. “The Pelican as Image and Symbol”, *Revue de Littérature Comparée*, 36: 235-243.
- Guglielmi, Nilda, & Marino Ayerra Redín, trad., 1971. *El Fisiólogo: bestiario medieval* (Buenos Aires: Editorial Universitaria de Buenos Aires).
- Häring, N., 1973. “Notes on the *Liber Avium* of Hugues de Fouilloy”,

- Recherches de Théologie Ancienne et Médiévale*, 46: 53-83.
- Hillgarth, J. N., 1976-78. *The Spanish Kingdoms, 1250-1516*, 2 vols (Oxford: Clarendon Press).
- Hubaux, Jean, & Maxime Leroy, 1939. *Le Mythe du phénix dans les littératures grecque et latine*, Bibliothèque de la Faculté de Philosophie et Lettres de l'Université de Liège, 82 (Liège: Université de Liège; Paris: Droz).
- James, M. R., ed., 1928. *The Bestiary, Being a Reproduction in Full of the MS II.4.26 in the University Library, Cambridge, with Supplementary Plates from Other MSS of English Origin, and a Preliminary Study of the Latin Bestiary as Current in England* (Oxford: The Roxburghe Club).
- Jong, Maerle, 1999. "The Birds of the *South English Legendary*", in *Discursos y representaciones en la Edad Media: Actas de las VI Jornadas Medievales*, ed. Concepción Company, Aurelio González, & Lillian von der Walde Moheno, Publicaciones de Medievalia, 22 (México: UNAM & Colegio de México), pp. 241-255.
- Kantorowicz, Ernst H., 1957. *The King's Two Bodies: A Study in Medieval Political Theology* (Princeton: Princeton University Press).
- Lugones, Néstor A., 1976. "El ave fénix en el *Libro de Alexandre*", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 79: 581-586.
- , 1981. "Los Conjuros de Pedro Díaz de la Costana: entre la imprecación amorosa y el bestiario", en *Studia Hispanica in Honour of Rodolfo A. Cardona*, ed. Luis A. Ramos-García & Néstor A. Lugones (Austin: Studia Hispanica Editors; Madrid: Cátedra), pp. 263-279.
- McCulloch, Florence, 1970. *Mediaeval Latin and French Bestiaries*, University of North Carolina Studies in the Romance Languages and Literatures, 33, 3<sup>a</sup> ed. (Chapel Hill: Univ. of North Carolina Press).
- Macpherson, Ian, 1997. "Text, Context, and Subtext: Five *invenciones* of the *Cancionero general* and the Ponferrada Affair of 1485", en *The Medieval Mind: Hispanic Studies in Honour of Alan Deyermond*, ed. Ian Macpherson & Ralph Penny, Colección Támesis, A170 (London: Tamesis Books), pp. 259-74.
- , 1998. The "Invenciones y letras" of the "Cancionero general", Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 9 (London: Department of Hispanic Studies, Queen Mary and Westfield College).
- Malaxecheverría, Ignacio, 1979. "Notes sur le pélican au Moyen Âge", *Neophilologus*, 63: 491-497.
- , 1982. *El bestiario esculpido en Navarra* (Pamplona: Institución Príncipe de Viana).

- trad., 1986. *Bestiario medieval*, Selección de Lecturas Medievales, 18 (Madrid: Siruela).
- Maler, Bertil, ed., 1956. “*Orto do Espenso*”: texto inédito do fim do século XIV ou começo do XV, I & II (Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro).
- Manero Sorolla, Mª del Pilar, 1991. “La imagen del ave fénix en la poesía del cancionero: notas para su estudio”, *Anuario de Estudios Medievales*, 21: 291-305.
- Martín Pascual, Llúcia, 1996. *La tradició animalística en la literatura catalana medieval* (Alacant: Generalitat Valenciana & Instituto de Cultura Juan Gil-Albert).
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo, 1996. *Natura das animalhas: bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa*, Campus, 2 (Vigo: Ediciones A Nosa Terra).
- Martínez Romero, Tomàs, 2000. “De poesia i lògica corellana: comentaris a *La mort per amor*”, *Estudis Romànics*, 22: 197-212.
- Mateos Royo, José Antonio, 2001. “Los entremeses en Aragón durante el siglo xv: teatro religioso y homenaje político”, *Hispanic Research Journal*, 2: 15-25.
- Mermier, Guy R., 1989. “The Phoenix: Its Nature and Place in the Tradition of the *Physiologus*”, en *Beasts and Birds* 1989: 69-87.
- Michael, Ian, 1970. *The Treatment of Classical Material in the “Libro de Alexandre”*, Publications of the Faculty of Arts, 17 (Manchester: Manchester University Press).
- Miquel i Planas, R., ed., 1913. *Obres de J. Roíç de Corella* (Barcelona: Biblioteca Catalana).
- Moralejo, José-Luis, ed. & trad., 1986. “*Cancionero de Ripoll*” (anónimo) / “*Carmina Riupullensis*” (MS. 74, *Riupullensis*) (Barcelona: Bosch).
- Oliveira, António Resende de, 1994. *Depois do Espectáculo Trovadoresco: a estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Autores Portugueses, Serie Ensaio, 2 (Lisboa: Edições Colibri).
- 1995. *Trobadores e xograres: contexto histórico* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Orduna, Germán, ed., 1987. Pero López de Ayala, *Rimado de palacio*, Clásicos Castalia, 156 (Madrid: Castalia).
- Oroz Reta, José, Manuel-A. Marcos Casquero, [Wallace M. Lindsay], & Manuel C. Díaz y Díaz, ed. & trad., 1982-1983. San Isidoro de Sevilla, “*Etimologías*”: edición bilingüe, Biblioteca de Autores Cristianos, 433-434 (Madrid: Editorial Católica).
- Owst, G. R., 1961. *Literature and Pulpit in Medieval England: A Neglected Chapter in the History of English*

- Letters & of the English People*, 2<sup>a</sup> ed. (Oxford: Basil Blackwell). 1<sup>a</sup> ed. Cambridge: Cambridge University Press, 1933.
- Panunzio, Saverio, ed., 1963-64. *Bestiaris*, Els Nostres Clàssics, A91-92 (Barcelona: Barcino).
- Prince, Dawn E., ed., 1995. *The Aragonesse Version of Brunetto Latini's "Libro del trasono"*, Dialect Series, 15 (Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies).
- Reckert, Stephen, & Helder Macedo, 1996. *Do Canioneiro de Amigo*, 3<sup>a</sup> ed., Documenta Poética, 3 (Lisboa: Assírio & Alvim).
- Riquer, Martí de, ed., 1954. Gilabert de Próixita, *Poesies*, Els Nostres Clàssics, A76 (Barcelona: Barcino).
- Rowland, Beryl, 1978. *Birds with Human Souls: A Guide to Bird Symbolism* (Knoxville: University of Tennessee Press).
- Russell, Peter E., ed., 1991. Fernando de Rojas, *Comedia o tragicomedia de Calisto y Melibea*, Clásicos Castalia, 191 (Madrid: Castalia).
- Sánchez Sánchez, Manuel Ambrosio, 1994. "Los Bestiarios en la predicción castellana medieval", en *Actas del III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (Salamanca, 3 al 6 de octubre de 1989), ed. María Isabel Toro Pascua (Salamanca: Biblioteca Española del Siglo xv & Departamento de Literatura Española e Hispanoamericana), II, pp. 915-21.
- Schib, Gret, ed., 1977. Sant Vicent Ferrer, *Sermons*, IV, Els Nostres Clàssics, B7 (Barcelona: Barcino).
- Shergold, N. D., 1967. *A History of the Spanish Stage from Medieval Times until the End of the Seventeenth Century* (Oxford: Clarendon Press).
- Shipley, George A., 1984. "Bestiary Imagery in *La Celestina*", *Revista de Estudios Hispánicos* (Puerto Rico), 9 (1982 [1984]: Homenaje a Stephen Gilman): 211-218.
- Strong, Bryan, 1984. "El Rimado de Palacio: algunas observaciones sobre las fuentes de la sátira de los estados de López de Ayala", en *Estudios dedicados a James Leslie Brooks presentados por sus colegas, amigos y discípulos*, ed. J. M. Ruiz Veintemilla (Barcelona: Puvill & University of Durham), pp. 207-222.
- Thordstein, Arvid, ed., 1941. *Le Bestiaire d'amour rimé: poème inédit du XIII<sup>e</sup> siècle*, Études Romanes de Lund, 2 (Lund: C. W. K. Gleerup; Copenhagen: Ejnar Munksgaard).
- Tisdall, M. W., 1998. *God's Beasts: Identify and Understand Animals in Church Carvings* (Plymouth: Charlesfort Press).
- Walberg, Emmanuel, ed., 1900. *Le Bestiaire de Philippe de Thaün* (Lund: H. J. Möller; Paris: H. Welter).
- Whinnom, Keith, 1970. "Hacia una interpretación y apreciación de

- las canciones del *Cancionero general de 1511*", *Filología*, 13 (1968-69 [1970]: *Homenaje a don Ramón Menéndez Pidal*): 361-381.
- 1981. *La poesía amatoria de la época de los Reyes Católicos*, Durham Modern Languages Series: Hispanic Monographs, 2 (Durham: University of Durham).
- White, T. H., trad., 1954. *The Book of Beasts, Being a Translation from a Latin Bestiary of the Twelfth Century* (London: Jonathan Cape).
- Wittkower, Rudolf, 1942. "Marvels of the East: A Study in the History of Monsters", *Journal of the Warburg and Courtauld Institutes*, 5: 159-197.
- Wittlin, Curt, ed., 1976. Brunetto Latini, *Llibre del tresor*, Els Nostres Clàssics, A111 (Barcelona: Barcino).
- Yapp, Brunson, 1981. *Birds in Medieval Manuscripts* (London: The British Library).

♦ ♦ ♦

DEYERMOND, Alan: "Catro aves do bestiario na España medieval", *Revista Galega do Ensino*, Xunta de Galicia, núm. 34, febreiro, 2002, pp. 15-47.

*Resumo:* O tardo-clásico *Physiologus* e o seu descendente, o bestiario medieval, empregan información pseudo-zoolóxica sobre animais como vehículo para o ensino moral cristián. Os sermones populares fan un uso exhaustivo dos *exempla* tomados do bestiario, difundindo así o coñecemento do material do bestiario entre un amplio público. Aínda que os manuscritos dos bestiarios latinos son moi escasos na Península Ibérica e hai moi poucas traduccións, os escritores hispano-medievais empregan a miúdo animais do bestiario como imaxes. Este artigo estuda algunas aparicións de catro aves do bestiario —a aguia, o voitre, o fénix e o pelicano— en textos escritos en verso e prosa medievais casteláns, galego-portugueses, cataláns e hispano-latino desde finais do século XII ata comezos do XVI.

*Palabras clave:* Bestiario. Aguia. Imaxe. Literatura medieval. Pelicano. Fénix. *Physiologus*. Sermón. Voitre.

*Resumen:* El tardo-clásico *Physiologus* y su descendiente, el bestiario medieval, usan información pseudo-zoológica sobre animales como vehículo para la enseñanza moral cristiana. Los sermones populares hacen un uso exhaustivo de los *exempla* tomados del bestiario, difundiendo así el conocimiento del material del bestiario entre un amplio público. Aunque los manuscritos de los bestiarios latinos son muy escasos en la Península Ibérica y existen muy pocas traducciones, los escritores hispano-medievales emplean a menudo los animales del bestiario como imágenes. Este artículo estudia la aparición de cuatro aves del bestiario —el águila, el buitre, el fénix y el pelicano— en tex-

tos escritos en verso y prosa medievales castellanos, gallego-portugueses, catalanes e hispano-latinos desde finales del siglo XII hasta principios del XVI.

*Palabras clave:* Bestiario. Águila. Imagen. Literatura medieval. Pelícano. Fénix. *Physiologus*. Sermón. Buitre.

*Summary:* The late-classical *Physiologus* and its descendant the medieval bestiary use pseudo-zoological information about animals as a vehicle for Christian moral teaching. Popular sermons make extensive use of *exempla* drawn from the bestiary, thus spreading knowledge of bestiary material to a wide public. Manuscripts of the Latin bestiaries are very rare in the Iberian Peninsula, and there are very few translations, yet medieval Hispanic writers often use bestiary animals as images. This article studies some occurrences of four birds from the bestiary eagle, vulture, phoenix and pelican in medieval Castilian, Galician-Portuguese, Catalan and Hispano-Latin verse and prose from the end of the twelfth century to the beginning of the sixteenth.

*Key-words:* Bestiary. Eagle. Image. Medieval literature. Pelican. Phoenix. *Physiologus*. Sermon. Vulture.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 15-10-2001.

Traducción do orixinal inglés feita por Ana Belén López Pérez.

